

## NORMAS URBANÍSTICAS

## CARPETA 07.NU

### NORMATIVA URBANÍSTICA

1. Sistema viario: o enlace da rúa da Volta do Castro e a travesía da Choupana..... 3
2. Parcela edificable ..... 4





## 1. SISTEMA VIARIO: O ENLACE DA RÚA DA VOLTA DO CASTRO E A TRAVESÍA DA CHOUPANA

### Ámbito

Establécese un ámbito de reserva viaria na que é preciso desenvolver un proxecto de reordenación viaria específico.

O ámbito de estudo é o espazo no que conflúen as seguintes rúas:

- Rúa da Volta do Castro
- Travesía da Choupana
- Rúa da Choupana
- Rúa do Presidente Gerardo Fernández Albor
- Rúa da Volta do Castro de Abaixo (tramo do camiño portugués incluído no sector SUD 9-10)

O estudo poderá propoñer, de estimarse xustificado, axustes na semiglorieta xa executada, sempre co obxectivo de producir un elemento urbano unitario e coherente, capaz de resolver de xeito integrado e funcional os distintos requirimentos.

### Criterios de ordenación

Os criterios xerais que haberán de seguirse na formulación do proxecto concréntanse nos seguintes puntos:

- A definición do enlace ten como obxectivos prioritarios a súa integración no Camiño Portugués de peregrinación e a mellora do acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
- O criterio xeral de deseño será o de producir un enlace viario de carácter plenamente urbano, capaz de integrar os importantes fluxos de tráfico peonil que conflúen na zona, tanto pola súa condición de paso do Camiño Portugués como pola afluencia peonil inducida pola proximidade do Hospital Universitario, que se unen aos propios da vida urbana dos novos barrios residencias xurdidos en torno ao eixo Choupana- Santa Marta.

O proxecto de ordenación viaria estudará estes fluxos de carácter peonil e efectuara a proposta de ordenación en función deste estudo previo, garantindo a convivencia entre os distintos tipos de itinerarios a pé estudados e a súa compatibilidade coa mobilidade rodada de automóbiles e motocicletas particulares, transporte público, bicicletas e outros vehículos de mobilidade persoal (VMP).

O proxecto propoñerá as solucións de accesibilidade, trazados e materiais axeitados tendo en conta que o enlace intégrase no Camiño Portugués.

- Evitaranse os trazados formalizados por aplicación de criterios funcionais excesivamente centrados no tráfico rodado propios de vías interurbanas e que producen barreiras importantes para os percorridos a pé.
- O proxecto de ordenación viaria poderá valorar a posibilidade de manter a edificación tradicional e o xardín existentes integrados como parte do espazo público, si se estima que a súa conservación é compatible coa axeitada resolución funcional do enlace.

### Xestión

Atendendo ao carácter preferente das actuacións, distínguense dúas situacións:

- Terreos que se exclúen do sector de solo urbanizable en execución da sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Son os terreos necesarios para formalizar o enlace viario entre a rúa da Volta do Castro e a travesía da Choupana. Esta actuación ten carácter preferente. A obtención dos terreos necesarios para a súa execución será calquera das previstas na lei do solo para a obtención dos sistemas locais e xerais en solo urbano.

Forma de obtención: Expropiación, convenio ou permuta.

- Terreos destinados a incorporarse ao sistema viario incluídos no ámbito de aplicación da ordenanza 4.

A forma de obtención destes terreos é a de cesión obrigatoria e gratuíta no momento de parcelación ou de edificación da parcela.

Forma de obtención: Aliñacións.

### Autorizacións


A aprobación do proxecto de reordenación viaria require autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

## **2. PARCELA EDIFICABLE**

### **Ordenanza 4. Edificación en bloque**

#### Ámbito de aplicación

É o que se recolle no plano de ordenación núm. 4 (PORD\_04SUC).



### Criterios de ordenación

Defínese a envolvente da área ocupable pola edificación por medio das aliñacións e a altura, tal e como se recolle nos planos de ordenación. Dentro desta a envolvente poderán dispoñerse a edificación, nun volume único ou fraccionado, cumprindo as seguintes condicións:

- Aliñacións e liñas de edificación

A aliñación frontal é obrigatoria e deberá coincidir coa liña de edificación, tanto sobre como baixo a rasante do viario ao que dá fronte.

As aliñacións laterais teñen o carácter de máximas. A liña de edificación poderá coincidir coa aliñación ou recuarse respecto dela.

A aliñación posterior ten o carácter de máxima. A liña de edificación posterior sobre rasante é obrigatoria e vén definida pola prolongación da liña de edificación dos bloques estremeiros (en ordenanza 9). Baixo rasante poderá prolongarse a edificación ata acadar a aliñación máxima. A edificación desta prolongación non poderá sobresaír da rasante do terreo en ningún punto e terá uso público en superficie.

- Altura

A altura máxima da edificación será de baixo e catro plantas.

A liña de cornixa da nova edificación obterase por prolongación da liña de cornixa dos bloques existentes.

- Rasantes

A rasante de implantación da nova edificación é a existente na fronte da travesía da Choupana.

#### Condicións estéticas

O tratamento de todas as fachadas será o propio dunha fachada principal, en canto ao coidado do deseño, materiais e acabados.

As construcións deberán presentar todos os seus paramentos e cubertas totalmente terminados.

Prohíbense os carteis, anuncios e outros elementos similares que pola súa dimensión, emprazamento ou colorido resulten incongruentes e incompatibles coa protección e posta en valor do Camiño Portugués.

#### Autorizacións

As actuacións nesta parcela, por estar incluídas no territorio asociado ao trazado do Camiño Portugués, deberán ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, nos termos previstos na lei.

Nos aspectos non regulados expresamente nesta Modificación estarase ao previsto pola ordenanza 4 do PXOM vixente.

#### **Ordenanza 9. Actuacións unitarias consolidadas**

As condicións volumétricas son as das edificacións existentes.

No resto de cuestións estarase ao previsto pola ordenanza 9A do PXOM.

No contexto dunha rehabilitación integral das edificacións ou dunha actuación para a mellora da accesibilidade, poderá estudarse a incorporación dalgún dos espazos situados entre os bloques á rede de itinerarios públicos peonís da cidade.

Santiago de Compostela  
A xefa da Sección de Planeamento do Concello  
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta  
Asinado electronicamente